

As imaxes amosadas poden variar en cores e aparencia dependendo do deseño escollido en cada aula virtual, pero en todo caso as opcións estarán sempre presentes.

Traballando con grupos dentro dos cursos

Unha vez teñamos matriculados ó noso alumnado nun curso (tal como se explica en guías anteriores), tal vez nos interese organizar ó alumnado matriculado en grupos. Nesta guía veremos como facelo dun modo sinxelo e como traballar con estes grupos.

Existe a opción de agrupamentos (que é xuntar varios grupos pero queda fora deste guía)

Supoñamos que temos creado un curso no que matriculamos a todo o alumnado dun nivel "4º de primaria", nese nivel hai dous grupos A e B.


Poderíamos optar por ter un curso para cada grupo e traballar de modo independente, pero podemos tamén ter un único curso, no que se publiquen os mesmos recursos e actividades para todos, pero que á hora de "correxir" as actividades poidamos filtrar por grupo A e B.

Unha vez creado o curso e matriculado o alumno escolleremos no menú de administración do curso o apartado "**grupos**". Segundo a plantilla/tema que estea a usar a nosa aula virtual poderemos atopalo dun destes xeitos:




a) Dentro do curso en cuestión, no menú lateral dereito de "administración do curso" > usuarios > grupos (como podes ver atópase no mesmo apartado onde se matricula o alumnado ou se xestiona o tipo de acceso ó curso)

b) Dentro do curso en cuestión, na icona da engranaxe que atoparás na esquina superior dereita.



Xa dentro escollendo usuarios > grupos (como podes ver atópase no mesmo apartado onde se matricula o alumnado ou se xestiona o tipo de acceso ó curso)



Teñas accedido dun xeito ou do outro verás aparecer:

- Unha lista dos grupos que teñas creados no curso (ou ningún se non existen) na zona marcada cunha elipse.
- Os membros que están no grupo escollido (marcado cun rectángulo)

The screenshot shows the Moodle Groups interface. At the top, there are tabs for 'Grupos', 'Agrupamentos', and 'Vista xeral'. Below this is the title 'esinomixto_ei_20_21 Grupos'. Under the 'Grupos:' heading, there is a list of groups: 'Grupo A (1)' and 'Grupo B (1)'. 'Grupo B (1)' is highlighted with a red oval. To the right, under the heading 'Membros de: Grupo B (1)', there is a box containing 'Múltiples roles' and 'Óscar Abilleira Muñiz', which is highlighted with a red rectangle. Below the group list, there are three buttons: 'Editar a configuración de grupo' (labeled with a red '2'), 'Eliminar grupo seleccionado' (labeled with a red '3'), and 'Crear grupo' (labeled with a red '1'). Below the member list, there is a button 'Engadir/retirar usuarios' (labeled with a red '4').

E ademais estas opcións:

- 1) Crear un novo grupo (que aparecerá na lista)
- 2) Modificar o nome do grupo escollido nese momento
- 3) Borrar o grupo (non implica que se borren nin os alumnos/as matriculados nin o que entregaron, únicamente desaparece o grupo)
- 4) Engadir ou retirar alumnos/as (dos que estean matriculados no curso), do grupo marcado.

Se escollemos a opción "engadir/retirar usuarios" veremos aparecer esta nova caixa de traballo, na que poderemos:

- Escoller un alumno/a da columna da dereita ou da esquerda para ir "sacándoos" ou "meteéndoos" no grupo, cos botóns "engadir" e "retirar".
- Poderemos usar un buscador en ámbalas dúas caixas por se temos moitos alumnos/as nelas.

Engadir/retirar usuarios: Grupo A

Grupo da aula A

Membros do grupo

Student (1)
ALUMNO 2 (nonresponder@edu.xunta.es,)

Engadir

Retirar

Membros potenciais

Student (1)
ALUMNO 1 (nonresponder@edu.xunta.es,) (1)

Múltiples roles (3)
Óscar Abilleira Muñiz (oscar_abilleira@edu.xunta.es,)

Membresía dos usuarios seleccionados:

Buscar Limpar

Buscar Limpar


Opcións de busca ▶

Volver aos grupos

Unha vez feito isto **nas actividades que creemos no noso curso, teremos que indicar se queremos facer uso destes grupos.** O uso de grupos non afecta a quen pode ver os recursos ou actividades, que serán sempre visibles para todos.

Pero **facen uso dos grupos nas actividades implica que PODERÁS CORREXIR E VER ó o que che envíen os dun grupo por separado do outro,** aínda que a actividade proposta sexa a mesma.

Para elo terás que escoller, **en cada unha das actividades que engadas no teu curso**, nas que queiras usar grupos e que permitan facelo, as seguintes opcións nos apartados que se sinalan:



The screenshot shows the Moodle configuration interface. On the left is a sidebar with navigation links: 'avanzada', 'cualificacións', 'todas as entregas', 'as as entregas', 'o curso', and 'o sitio'. Below this is a 'QUE' section with a dropdown menu. The main content area is titled 'Configuración de entregas' and 'Configuración de entregas de grupo'. Under 'Configuración de entregas de grupo', there are four settings, each with a dropdown menu and a help icon (question mark):

- 'Alumnos que entregan en grupos' is set to 'Si'. A red arrow points to this dropdown.
- 'Requirir a un grupo para facer a entrega' is set to 'Non'.
- 'Require a entrega de todos os membros do grupo' is set to 'Non'.
- 'Agrupación por grupos de alumnos' is set to 'Ningún'.

...e ademais




The screenshot shows the 'Configuración común do módulo' section. It contains several settings:

- 'Disponibilidade' is set to 'Amosar na páxina do curso'.
- 'Número ID' is an empty text input field.
- 'Modo de grupo' is set to 'Grupos separados'. This setting is highlighted with a red rectangular box.
- 'Agrupamento' is set to 'Ningún'.
- Below these settings is a button labeled 'Engadir restrición de acceso a grupo'.

Below this section is a heading 'Restrinxir acceso'.

Deste xeito, cando entremos a “revisar” os traballos entregados e corríxilos, poderemos “escoller” ver os de un grupo ou outro.

Por exemplo, nunha tarefa, en canto entremos atoparemos un despregable coa opción de ver as entregas do grupo que queiramos.



The screenshot shows a Moodle interface for a task titled "tarefa de proba". On the left is a navigation menu with "tarefa de proba" highlighted. The main content area shows a dropdown menu for "Grupos separado:" with options: "Todos os participantes", "Grupo A", and "Grupo B". Below this is a "Resumo das cualificacións" section with a table:

Grupos	1
Entregada	0
Data límite	Domingo, 4 de Outubro do 2020, 00:00
Tempo restante	6 días 14 horas

At the bottom of the summary are two buttons: "Ver/cualificar todas as entregas" and "Cualificación".

Lembra que pese a a haber grupos, tódolos alumno/as matriculados no curso son “alumnos de tódolos mestres/as do curso”, polo que todos teñen acceso a tódolos grupos.

Se se busca que cada mestre poida acceder só ós alumnos do seu grupo, sen que ninguén máis poida acceder a eles, tería que crearse un curso diferentes para cada grupo, matriculando nel só ó alumnado dese grupo.